



## Concello de Parada de Sil

### DECRETO DO ALCALDE DO CONCELLO DE PARADA DE SIL DE RECTIFICACIÓN DUN ERRO MATERIAL NO DECRETO DO ALCALDE DO CONCELLO DE PARADA DE SIL DE APROBACIÓN DA RELACIÓN DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUIDAS AO PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUNHA/DUN TÉCNICO TURISMO.

Vista a documentación existente no expediente, resultan relevantes os seguintes:

#### I.- FEITOS:

Primeiro.- Por Decreto do Alcalde do Concello de Parada de Sil de data 9 de marzo do 2021 aprobaron a relación de persoas admitidas e excluídas ao procedemento selectivo para a contratación dunha/dun técnico turismo.

#### II.- FUNDAMENTOS:

Único.- O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, sinala que:

*“As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.”*

En base ao anteriormente exposto e tendo en conta as atribucións outorgadas pola lexislación en materia do réxime local, este Alcalde, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Rectificar o decreto do alcalde do Concello de Parada de Sil de aprobación da relación de persoas admitidas e excluídas ao procedemento selectivo para a contratación dunha/dun técnico turismo de suprimir o primeiro paragrafo onde di:

*“Por Decreto do Alcalde do Concello de Parada de Sil de data 4 de marzo do 2021 aprobáronse as bases para a selección dun peón de obras públicas do Concello de Parada de Sil, abríndose o prazo para a presentación das instancias no devandito procedemento.”*

E substituír polo seguinte:

*“Por Decreto do Alcalde do Concello de Parada de Sil de data 4 de marzo do 2021 aprobáronse as bases para a selección dun/dunha técnico turismo do Concello de Parada de Sil, abríndose o prazo para a presentación das instancias no devandito procedemento.”*





## Concello de Parada de Sil

---

**Segundo .** - Que se publique o decreto rectificado no Taboleiro de Anuncios da Corporación e na páxina web municipal.

**Terceiro.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno de Corporación na seguinte sesión ordinaria que celebre.

Así o mandou o Alcalde do Concello de Parada de Sil, na data da sinatura electrónica, na que eu como Secretaria-Interventora Accidental, dou fe.

